

BOLETÍN INFORMATIVO

- primeiro trimestre 2022 -

Opmega



O boletín informativo OPMEGA,
é unha acción enmarcada no seu PPeC,
cofinanciado polo FEMP e polo MAPA.

Imaxe: Opmega



SUMARIO

- 04 Día da Muller
Traballadora**
homenaxe a Rosa Gallardo
- 05 BATÉATE**
Rías de Pontevedra, Vigo, Muros
e Noia.
- 06 Xornada OPMEGA**
pasado, presente e futuro do
sector da miticultura.
- 06 Seafood Expo Global**
- 07 Bateerios as rúas**
Unha gran marcha de protesta.
- 08 Nova visión do sector**
da Unión Europea

Edición

OPMEGA

Organización de Produtores
de Mexillón de Galicia

Avenida de la Marina, 25 - Edificio Mexillón de Galicia
36600 Vilagarcía de Arousa

T: +0034 986 501 338 /F: +0034 986 506 549

www.opmega.com

Textos e gráficos realizados por
Inxenia Desenvollos Tecnolóxicos S.L.

www.inxeniatd.com



EDITORIAL

OPMEGA é a primeira e única Organización de Produtores de mexillón da Unión Europea. Desde a súa fundación en 1986, aglutina a produtores de todas as rías galegas, onde xúntanse esforzos e trabállase na mellora e defensa dos intereses dos produtores e do seu mexillón de Galicia.

Con este boletín informativo, como medida enmarcada dentro do seu Plan de Produción e Comercialización 2022, desde OPMEGA queremos achegar información de interese aos nosos asociados, de forma sinxela e concreta, co obxectivo de ser máis efectivos á hora de proporcionarvos asistencia en materia de lexislación e fomento de prácticas sostibles, así como informar das distintas noticias de interese para o sector, iniciativas e proxectos levados a cabo desde a Organización.

Desta forma, este boletín tratará temas tales como a importancia do papel da muller no sector da miticultura; a primeira participación de OPMEGA na SeaFood de Barcelona; a xornada anual de OPMEGA; a reivindicación do sector sobre a xestión da mexilla, o lanzamento da campaña de posta en valor do oficio "Batéate 2022" e nova visión estratéxica para o sector da acuicultura da Unión Europea.

Trimestre a trimestre seguiremos informando dos avances no desenvolvemento do Plan de Produción e Comercialización, as iniciativas levadas a cabo desde a Organización de Produtores e a análise lexislativa que vos permita realizar a vosa actividade de forma sostible.

- Xunta directiva de OPMEGA -

OPMEGA súmase ao Día da Muller Traballadora coa homenaxe á bateeira Rosa Gallardo

Rosa chegou á xubilación hai dous anos. Xubilouse da batea, pero non da mar. Por iso, camiña todos os días á praia “un quilómetro andando de ida e outro para volver” para quitar ese “mono de mar” que asegura ter.

Nos seus ollos e nas súas mans reflíctense miles de amenceres na mar, centenares de mareas, millóns de cordas e toneladas de mexillóns. OPMEGA saca da intimidade dos exemplos vitais en familia a Rosa Vitoria Gallardo Martínez polo seu valor individual e pola súa capacidade para personificar o labor das mulleres bateeiras. Os seus 5 fillos e os seus netos coñecen e veneran unha vida que merece difundir para que todo o mundo con salitre nas veas, no gusto ou no olfacto coñeza a e venérea. Porque a batea é substantivo feminino.

A Ría de Muros é o escenario. Tiña máis de 30 anos cando o seu marido fíxose coa concesión de dúas bateas e comezou a ir con el á mar. Lembra aqueles tempos como “duros, pero tamén moi gratificantes”. A cuestión é que, xunto a esta concesión compartida no laboral, Rosa tamén tiña a concesión dos seus cinco fillos aos que criar. Así, levantábase practicamente todos os días ás seis da mañá para saír á batea e despois, de volta a casa, “a coidar dos nenos, facer a comida e esas cousas”. A entrega é substantivo feminino.

As bateas daban o sustento, pero cobrábanllo moeda a moeda, mexillón a mexillón, con sufrido esforzo. “Subiamos as cordas a man porque, daquela, non había guindastres e cada corda pesaba case 200 quilos. Nada que ver coa profesión de hoxe en día, que é moito máis levadía”, compara. A vontade é substantivo feminino.

A vida e as mareas foron dirixindo o día a día de Rosa. A mar marcaba o ritmo dunha familia sempre a flote baixo o seu mando. Se os fillos maiores crecían, íanse ocupando dos pequenos e ela era máis bateeira. Se o marido ten que deixar o traballo por razóns de saúde, o primoxénito herda o labor, devolvendo á nai á faena caseira pero sen deixar nunca a mar. A sabedoría é substantivo feminino.

Rosa chegou á xubilación hai dous anos. Xubilouse da batea, pero non da mar. Por iso, camiña todos os días á praia “un quilómetro andando de ida e outro para volver” para quitar ese “mono de mar” que asegura ter. A mar é substantivo feminino.



Imaxe: Opmeqa

Rosa Gallardo, que manexa con soltura o teléfono móbil e segue facendo gala dese mesmo empuxe co que levaba o negocio familiar, encarna á perfección o espírito emprendedor de numerosas mulleres que, sen ser o habitual pero tampouco unha excepción, saían á mar en familia para cultivar o mexillón. Para ela, esta profesión deulle a oportunidade de valerse por si mesma “e non pedirlle nada a ninguén”. A liberdade é substantivo feminino.

En definitiva, Rosa encarna anos de historia do mexillón de Galicia. Por iso, no Día Internacional da Muller Traballadora, a Organización de Produtores de Mexillón de Galicia quere homenaxeala a ela como símbolo de todas esas nais, irmás e fillas que fixeron máis grande esta profesión. Porque ela é substantiva.

#BATÉATE

encuentra tu espacio en el mundo



Os/as alumnos/as loitarán por facerse cos premios dos concursos de fotografía e vídeo demostrando quen sabe máis acerca do oficio de bateiro/a.

Batéate emprende o seu camiño cara aos centros educativos da Ría de Pontevedra, Ría de Vigo e a Ría de Muros e Noia

OPMEGA volve poñer en marcha a súa campaña "Batéate, atopa o teu espazo no mundo" no mes de abril aos Institutos de Educación Secundaria das Rías de Pontevedra, Vigo, Muros e Noia.

Unha das preocupacións máis rechamantes do sector é a falta de novas xeracións de especialistas do mar, e é que, de todos os estudantes con titulacións náuticas, poucos se dedican finalmente á pesca e acuicultura, preferindo desenvolver a súa actividade profesional en administracións ou grandes empresas. Neste contexto, co obxectivo de promocionar e divulgar as actividades desenvolvidas pola organización e de coñecer a visión que desde fóra teñen os mozos achega do mundo do mar naceu, en 2020, a campaña "Batéate".

Mediante charlas informativas, material audiovisual e concursos de fotografía e vídeo sobre a actividade do sector, achégase a alumnos e alumnas de 4º de ESO e/ou FP Básica a contorna laboral do cultivo e extracción do mexillón galego, buscando conseguir a substitución xeracional que asegure o futuro do sector.

Durante o 2020 e o 2021, OPMEGA levou "Batéate" a 10 centros de ensino da comarca de "O Salnés" e a 9 centros da comarca de "O Barbanza", conseguindo a participación de máis de 1.000 mozos e mozas. Ante o éxito cultivado en edicións anteriores, OPMEGA segue apostando por esta iniciativa navegando, nesta ocasión, nas Rías de Pontevedra, Vigo e Muros – Noia na súa loita contra a falta de relevo xeracional.


Para iso este ano cóntase coa colaboración de Carlos Blanco e Xosé Touriñán quen liderará os equipos do sur e do norte de Galicia, respectivamente, nunha competición na cal os/as alumnos/as loitarán por facerse cos premios dos concursos de fotografía e vídeo demostrando quen sabe máis acerca do oficio de bateiro/a.

Batéate, que xa se presentou aos responsables dos 14 centros educativos das comarcas de Pontevedra, Morrazo e Muros - Noia, darase a coñecer entre o alumnado mediante unha charla con asociados de OPMEGA na que se lles informará sobre o sector, os seus oficios e a súa importancia socioeconómica, faráselles entrega do material da campaña e darase comezo aos concursos de fotografía e vídeo.

Durante os próximos días OPMEGA, xunto con Carlos Blanco e Xosé Touriñán percorreren os distintos centros educativos dando a coñecer o cultivo do mexillón e despertando o interese dos/as novos por sector da miticultura.



PASADO PRESENTE E FUTURO do sector da miticultura



OPMEGA acollerá o próximo 27 de maio a xornada “Pasado, presente e futuro do sector da miticultura”.

Tras os éxitos obtidos na celebración das edicións anteriores das Xornadas de OPMEGA e co fin de intensificar a colaboración e intercambio de información con diferentes axentes e partes interesadas para a mellora do coñecemento e coordinación ao longo da cadea de valor, a organización dá continuidade un ano máis a este tipo de actividades.

Este ano OPMEGA quere por en valor o traballo do sector polo que a xornada xirará en torno a súa actividade amosando o éxito acadado e o futuro que brinda a miticultura sen esquecer o importante papel que a muller ten realizado. Ademais abordarase a problemática sufrida polo sector nos últimos meses ante a dificultade da obtención da mexilla. Por último, durante a xornada OPMEGA presentará o Plan Estratégico para a Acuicultura 2021 – 2027.

Durante os vindeiros meses, o persoal de OPMEGA seguirá traballando na organización da xornada, o peche de programa, a creación da imaxe e o envío de invitacións, para que esta cita continúe sendo un referente anual no sector mexilloeiro galego.

OPMEGA participará na 28ª Edición de Seafood Expo Global

Seafood Expo Global é o maior e máis diverso salón do mundo de produtos do mar, un evento que reúne a máis de 29.000 profesionais do sector de ao redor do mundo. Este ano o salón, que conta coa representación de máis de 158 países, contará por primeira vez coa presenza de OPMEGA como expositor.

Conscientes da importancia da promoción da súa actividade e da posibilidade que eventos como as feiras profesionais brindan na procura de novos clientes e mercados, como parte do seu Plan de Produción e Comercialización 2022 OPMEGA contará cunha caseta na feira Seafood do 27-29 de abril. Durante os 3 días de duración da feira na caseta de OPMEGA levarán a cabo distintas actividades de promoción e posta en valor do produto, como degustacións a cargo do chef Miguel Mosteiro, así como reunións con empresas de interese.

Nas próximas semanas OPMEGA seguirá traballando na súa participación na Seafood, pechando reunións e ultimando detalles dos cales se informará no próximo boletín.



The **GLOBAL**
Seafood Marketplace



Seafood Expo
GLOBAL



Seafood Processing
GLOBAL



Miles de bateiros toman as rúas de Santiago “pola mexilla”

O cambio de criterio da Consellería do Mar coas zonas de recolección de semente pon en perigo unha actividade económica de gran importancia en numerosas localidades galegas e da que dependen directamente 11.000 traballadores.

O Clúster do Mexillón de Galicia organizou en Santiago de Compostela unha gran marcha de protesta para reivindicar o necesario acceso dos bateiros aos bancos de semente natural, como veñen facendo desde hai máis de 60 anos sen que ata o de agora houbera problema algún. O sorprendente cambio de criterio da Consellería do Mar, acoutando estas zonas nalgúns casos ata un 80%, levou ao sector mexilloneiro a emprender diversas accións, entre as que se enmarcou a manifestación do primeiro domingo de abril na capital galega na que participaron milleiros de persoas.

O panorama non pinta ben tras os últimos desencontros coa conselleira Rosa Quintana. Máis, se cabe, porque o próximo día 30 de abril finaliza o prazo para a recollida da cría de mexillón e agora mesmo, segundo destacou o presidente de OPMEGA, Ricardo Herbón, o 50% das bateas están baleiras.

Así mesmo, destacan que en moitos dos lugares de extracción de semente que agora se prohiben para os bateiros,, a presenza do percebe “non é significativa”. Na última reunión que se mantivo co departamento de Mar acordouse por parte da Administración acudir ás zonas para revisar o estado do recurso. Finalmente, a Xunta non se puxo en contacto co sector que, a día de hoxe, descoñece se os técnicos finalmente acudiron a estes lugares e, se o fixeron, cales foron as súas conclusións.

A este respecto, Ricardo Herbón, en declaracións aos medios, foi moi claro: “Sen mexilla, o futuro do mexillón está acabado”. Na mesma liña expresáronse os dirixentes do resto de asociacións que conforman o Clúster do Mexillón.

Na manifestación celebrada en Santiago, que partiu da Alameda e concluíu na Praza do Obradoiro, o xornalista e monologuista Duarte Galbán reivindicou a dignidade duns profesionais que “saen a traballar todos os días ás cinco da mañá, faga o tempo que faga”. Galbán, fillo, sobriño e neto de bateiros, explicou a situación pola que atravesamos o sector, “a máis complicada de todas as que vivimos ata o momento” e mostrouse esperanzado en lograr unha solución que garanta a continuidade da actividade. A pelota está no tellado da Administración.

A nova visión estratéxica para o sector da acuicultura da Unión Europea

Pacto Verde Europeo é a nova axenda de crecemento da UE. O seu obxectivo é estimular a economía e crear emprego, acelerando ao mesmo tempo a transición ecolóxica.

A Comisión adoptou novas directrices estratéxicas para que a Unión Europea teña unha acuicultura máis sostible e competitiva. Estas directrices ofrecen unha visión común para que a Comisión, os Estados membros e as partes interesadas desenvolvan o sector de maneira que contribúa directamente ao Pacto Verde Europeo e, especialmente, á Estratexia «Da Granxa á Mesa».


Cabe recordar que o Pacto Verde Europeo e a Estratexia «Da Granxa á Mesa» fan fincapé no potencial dos alimentos mariños de acuicultura como fonte de proteínas, tanto para seres humanos como para animais, o que xera unha pegada de carbono reducida e desempeña un papel importante á hora de lograr un sistema alimentario sostible.

Neste marco e co obxectivo de que o sector acuícola poida ser máis competitivo e resiliente, potenciando o seu rendemento nos planos ambiental e climático, elaboráronse as directrices estratéxicas 2021 - 2027 en estreita consulta cos Estados membros e as partes interesadas, especialmente aquelas representadas no Consello Consultivo de Acuicultura.

A través destas consultas e participación do sector fixéronse catro obxectivos interrelacionados para o desenvolvemento futuro da acuicultura na Unión Europea:

- mellorar a resiliencia e a competitividade
- participar na transición ecolóxica
- garantir a aceptación social e a información ao consumidor
- potenciar o coñecemento e a innovación.

A diferenza da pesca, a acuicultura non é un ámbito de competencia exclusiva da Unión Europea. Con todo, en recoñecemento do papel tan importante que desempeña na seguridade alimentaria, o crecemento sostible e o emprego en Europa, a política pesqueira común prevé un sistema de coordinación estratéxica da política acuícola na Unión. Este enfoque estratéxico vén aínda máis ao caso na actualidade,





posto que o sector da acuicultura ten potencial para contribuír a descarbonizar a economía, loitar contra o cambio climático e mitigar o seu impacto, reducir a contaminación, conservar mellor os ecosistemas e formar parte dunha xestión dos recursos máis circular; especialmente na situación de crise que provocou a pandemia de COVID-19.

Ao considerar os retos e oportunidades do sector acuícola da Unión Europea, as directrices propoñen actuacións específicas en diversos ámbitos, como o acceso ao espazo e á auga, a saúde humana e animal, o rendemento ambiental, o cambio climático, o benestar dos animais, o marco regulamentario e administrativo e a comunicación sobre a acuicultura da Unión.

A Comisión levará a cabo, como moi tarde no prazo de catro anos desde a publicación da presente Comunicación, unha avaliación i) do progreso logrado no desenvolvemento das accións recomendadas no anexo, e ii) da eficiencia das devanditas accións á hora de contribuír á consecución dos obxectivos establecidos nestas novas directrices estratéxicas, coa posibilidade de adaptar as accións segundo corresponda. De aquí a 2029, avaliaranse as novas directrices estratéxicas para valorar a súa

eficiencia, efectividade, coherencia, pertinencia e o valor engadido da UE a fin de proporcionar unha base e facilitar a toma de decisións sobre cales serán os seguintes pasos a partir de 2030.

As novas directrices deberán ser tomadas en conta nos plans estratéxicos nacionais plurianuais dos Estados Membros para o desenvolvemento do sector acuícola, ademais de apoiar ao sector aproveitando os recursos dispoñibles no futuro Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e outros fondos da UE.

Neste sentido cabe destacar que OPMEGA está participando activamente nas reunións de traballo para a elaboración do Plan Estratéxico nacional de acuicultura 2021-2027 co obxectivo de identificar os principais problemas aos que se enfreta o sector, así como os principais retos e tamén empezar a deseñar as posibles solucións, para cada un dos problemas.

O vindeiro 27 de maio durante a celebración da xornada anual de OPMEGA está previsto que a Secretaría General de Pesca presente un primeiro borrador de este plan.

